

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME, PROVINCIA DA CORUÑA.

CERTIFICO: Que en data 03/11/2020 , o Sr. Alcalde Presidente ditou o Decreto Nº 624/2020, que de seguido se transcribe no seu literal:

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, APROBACIÓN DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, INFORMACIÓN PÚBLICA E LICITACIÓN DA CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (2ª LICITACIÓN). (Expediente: 2020/C006/000003)

EXPEDIENTE Nº 2020/G003/000698

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Por Resolución número 726/2019 de 18.11.2019 de “Aprobación do expediente de contratación, aprobación de pregos de cláusulas administrativas, información pública e licitación da concesión de uso privativo dos postos no Mercado Municipal de Ponte deume (Expediente TDeC: 2019/C006/000001).

Mediante Decreto nº 5/2020 de 09.01.2020, e 53/2020 de 29.01.2020 de “Designación das persoas membro da mesa de contratación do expediente de concesión de uso privativo dos postos no Mercado Municipal de Ponte deume”, e a substitución daquelas, respectivamente, da mesa de contratación.

Constan actas das mesas de contratación do dito procedemento, de datas 15.01.2020, 23.01.2020, 29.01.2020, 30.01.2020, 12.02.2020, e documento de rectificación de erros de esta última.

Por Decreto número 456/2020 de 07.08.2020, de “Adxudicación de postos no mercado municipal de Ponte deume”, resolveuse, entre outros:

“**PRIMEIRO.**- Adxudicar o posto nº 2: “Peixería” a licitadora MARÍA JESÚS AMOR AGEITOS (NIF: 34894462N), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|---|----------------------|
| MARÍA JESÚS AMOR AGEITOS (NIF: 34894462N) | 4500 € |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Adxudicar o posto nº5 “Carnicería” a licitadora CARLOS FACHAL CORBEIRA (NIF: 32656731C), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|---|----------------------|
| CARLOS FACHAL CORBEIRA (NIF: 32656731C) | 5991,62 € |

TERCEIRO.- Adxudicar o posto nº9 “Froitería” a licitadora ERNESTO PÉREZ PIÑEIRO (NIF: 76416395E), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|--|----------------------|
| ERNESTO PÉREZ PIÑEIRO (NIF: 76416395E) | 4664,57 € |

CUARTO.- Adxudicar o posto nº10 “Florería” a licitadora JULIO PÉREZ LÓPEZ (NIF: 32656476H), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|------------------------------------|----------------------|
| JULIO PÉREZ LÓPEZ (NIF: 32656476H) | 2500 € |

QUINTO.- Adxudicar o posto nº11 “Panadería” a licitadora PANADERIA PATRICIO, S.L. (CIF: B70316872), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|--|----------------------|
|--|----------------------|



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | |
|---|-----------|
| PANADERIA PATRICIO, S.L. (CIF: B70316872) | 2982,38 € |
|---|-----------|

SEXTO.- Adjudicar o posto nº13 "Produtos locais" a licitadora COOP DE PRODUCTORES DEL CAMPO DE CAPELA (CIF: F15017007), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|--|----------------------|
| COOP DE PRODUCTORES DEL CAMPO DE CAPELA (CIF: F15017007) | 1845,09 € |

SÉTIMO.- Adjudicar o posto nº14 "Froitería" a licitadora FRANCISCO JOSE VAZQUEZ VILA (NIF: 76414982N), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta, tanto técnica como económica, que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|--|----------------------|
| FRANCISCO JOSE VAZQUEZ VILA (NIF: 76414982N) | 4723,32 € |

OITAVO.- Adjudicar o posto nº15 "Chacinería" a licitadora PURIFICACIÓN OLIMPIA PAINCEIRAS MARTINEZ (NIF: 32624971T), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e na documentación presentada pola licitadora na súa proposta que contén, entre outros:

| | canon total ofertado |
|---|----------------------|
| PURIFICACIÓN OLIMPIA PAINCEIRAS MARTINEZ (NIF: 32624971T) | 4546,48 € |

...//..."

O 14.09.2020 tivo lugar o acto de sinatura dos distintos contratos dos postos adjudicados.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta o establecido na cláusula 10 do "Prego de Cláusulas Administrativas que rexerán a concesión de uso privativo dos postos no mercado municipal de Ponte deume (Expediente TEdC: 2019/C006/000001)", aprobados pro resolución número 726/2019 de 18.11.2019, cuxo contido se transcribe:

" 10.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato se adxudicará por procedemento aberto de libre concorrencia, mediante a valoración de varios criterios de adxudicación, e a tramitación do expediente será ORDINARIA.

O outorgamento da concesión efectuarase en réxime de concorrencia en aplicación do disposto no artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e o procedemento a seguir será o determinado polo artigo 96 do mesmo texto legal.

De acordo cos artigos 92.1, 93.1 e 137.4 d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, cando resulte deserta a licitación dun máximo de cinco postos dos QUINCE postos que se licitan ou resulte fallida polo incumprimento das obrigacións do autorizado, sempre que non transcorrese máis dun ano, poderá procederse á adxudicación directa polo órgano competente sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no PCAP, nas mesmas condicións anunciadas previamente, e sen que o prazo da concesión poida exceder da data de finalización establecida, neste suposto cabe que esta adxudicación directa sexa a favor dun dos adxudicatarios dalgún dos postos.

O procedemento para o outorgamento directo iniciarase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes (que deben reunir os requisitos previstos no presente prego).

As persoas interesadas disporán dese prazo para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de Entrada, onde conste o nº de lote vacante e xuntando a documentación que se establece nos presentes pregos e modelo de proposición económica. No caso de que se presente máis dunha solicitude para vacante, optarase pola oferta mellor calidade-prezo de acordo cos criterios de adxudicación.

Neste caso poderán presentarse tantas ofertas como postos vacantes por calquera licitador, con solvencia ou sen solvencia, debendo indicar a orde de preferencia dos postos aos que licitan, xa que en ningún caso se van adxudicar máis de dous postos a un mesmo titular.

A práctica das notificación e comunicacións realizarase por medios electrónicos, ben por medio da súa publicación no perfil do contratante, ben por medio de notificación electrónica nos termos recollidos na Disposición Adicional Décimo Quinta da LCSP."

Tendo en conta que o número de postos que non foron obxecto de adxudicación é superior a 5, é necesaria a tramitación dun novo procedemento para a concesión de uso privativo dos postos seguintes:

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|-----|----|------------|----|-----------|
|----|-----|----|------------|----|-----------|



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
|----|------------------------|-------|----|---------|-------|
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

A cláusula 12 do Prego "PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN" establecía, entre outros:

"...//..."

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva se presentará, dentro do prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

"...//..."

Logo de ver a providencia de Alcaldía de data 09/10/2020, cuxo contido se transcribe, en estrato:

"...//..."

Á vista da necesidade de que a instalación conte coa total ocupación no menor tempo posible, considérase oportuna unha redución no prazo para a presentación das propostas, establecendo o dito prazo en 15 días hábiles, fronte aos 30 da licitación anterior
Por todo o anterior, **DISPOÑO**.-

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a adjudicación dos postos que quedaron desertos tras da tramitación do procedemento 2019/C006/00001, os seguintes:

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|----------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | | |
|----|---------------------------|-------|----|------|-------|
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

SEGUNDO.- A emisión de informe por parte da Secretaría e Intervención municipais.”

Logo de ver os informes da Secretaría e Intervención Municipais de datas 19.10.2020 e 29/10/2020, respectivamente.

Á vista do anteriormente exposto e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a concesión de uso privativo dos postos no Mercado Municipal de Ponte deume. (2ª Licitación) (Expediente: 2020/C006/000003).

SEGUNDO.- Ratificar o contido do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Expediente 2019/C006/000001, *introducindo as seguintes modificacións*:

Cláusula 6ª.- “POSTOS OBXECTO DE OCUPACIÓN:

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|-----------------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | | |
|----|--------------------------|-------|----|------|-------|
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

...//...”

Cláusula 12.- 12.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

“...//...”

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva se presentará, dentro do prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante...//...”

e cuxo contido se transcribe como ANEXO.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Marta Cajide Barbeito, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

ANEXO

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.(2ª LICITACIÓN).

(Expediente TEdC: 2020/C006/000003)

1ª.- OBJETO DO CONTRATO.-

O presente prego ten por obxecto regular as condicións, procedemento e forma de adjudicación da concesión demanial dos postos nos que se inclúen os almacéns no Mercado Municipal do Concello de Ponte deume.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As condicións dos postos recóllense no ANEXO I a este prego de cláusulas administrativas; No Anexo I xúntase plano de ubicación dos postos citados no Mercado Municipal.

O acondicionamento e equipamento dos postos será a cargo dos adxudicatarios en todo o que non se dispoña neste prego.

2ª.- NECESIDADES A SATISFACER.-

A concesión comprende o desenvolvemento da actividade comercial do Mercado Municipal, respecto dos postos obxecto de licitación. Este desenvolvemento comporta establecer unha actividade económica e abastecer á poboación de produtos de proximidade e gastronomía, a finalidade do cal é entre outras: Asegurar o abastecemento de artigos de primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade.

3º.- DESTINO DO BEN E PRESTACIÓNS A REALIZAR.-

Cada un dos postos obxecto de concesión poderán destinarse exclusivamente á venda dos bens especificados para cada un deles, a cuxos efectos os licitadores na súa memoria describirán a actividade a realizar que será acorde co uso descrito para cada posto e as obras a realizar para acondicionar o posto obxecto de concesión.

4ª.- NATUREZA XURÍDICA E RÉXIME XURÍDICO.-

A cualificación xurídica do contrato que se perfeccionará será a de concesión administrativa do uso privativo de ben de dominio público, de conformidade co establecido na seguinte normativa:

-A Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (L.P.A.P.)

-Artigos básicos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

-Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por R.D. 1098/2001, de 12 de outubro.

-A Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (L.B.R.L.) .

-Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

-Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955, en todo o que non se opoña á lexislación de réxime local e a Lei de Contratos do Sector Público.

-O Regulamento do Servizo do Mercado Municipal

-A Ordenanza Fiscal.

-Cantas disposicións de Dereito Público ou privado sexa de directa ou supletoria aplicación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-A relación normativa antes citada non se establece baixo o principio de norma aplicable preferentemente fronte ás demais, de contrario a aplicación preferente de calquera delas fronte ás demais réxense polos principios xerais de aplicación das normas.

-Todas elas, sen prexuízo do establecido no presente Prego de condicións que constitúe lei do contrato e forma parte integramente do mesmo. As referencias efectuadas no prego a normativa específica, calquera que sexa o seu rango, entenderanse automaticamente substituídas polas que resulten de aplicación, no momento en que sexan interrogadas ou modificadas.

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e os seus Anexos, así coma tódolos documentos adxuntos revestirá carácter contractual.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser de aplicación na execución do contrato non eximirán ao concesionario da obriga do seu cumprimento.

5ª.- PRAZO DA CONCESIÓN.

O prazo da concesión ascende a QUINCE ANOS dende a acta de inicio da actividade que se producirá nun tempo máximo de setenta e cinco días seguintes a contar dende o día seguinte á formalización da adxudicación.

6ª.- POSTOS OBXECTO DE OCUPACIÓN:

A relación de postos cos correspondentes almacéns obxecto de ocupación é a seguinte:

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|--------------------------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O acondicionamento e equipamento do posto será a cargo de adxudicatario.

As disposicións contidas no Regulamento do Mercado de Ponte deume unha vez se produza a entrada en vigor do mesmo son de aplicación a tódalas persoas que desempeñen actividades comerciais dentro do recinto do Mercado Municipal.

O descoñecemento deste regulamento en calquera dos seus termos ou prescricións establecidas polo Concello ou instrucións e normas de toda índole que poidan ter aplicación na execución do contrato non eximirán ao concesionario da obriga do seu cumprimento.

7ª.- CANON CONCESIONAL E FORMA DE PAGO.

O prezo do contrato está constituído polo canón.

Establécese un canón mínimo por local e almacén.

O tipo mínimo de licitación, poderá ser mellorado á alza polos licitadores. A súa fixación definitiva se realizará polas ofertas dos licitadores ao amparo do regulado no artigo 24.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e conforme aos criterios de valoración de ofertas que se regulan no apartado 12.4 destes pregos.

Este canon satisfacerase por unha soa vez durante a vida da concesión.

Non obstante, o concesionario deberá cumprir tamén co sinalado na Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no mercado municipal, cuxo feito impoñible é a prestación do servizo de mercado.

Momento do pago do Canon: O Canon terá que satisfacerse na súa totalidade antes da formalización do documento, unha vez recibida a notificación de adxudicación do contrato e antes da formalización do mesmo.

Non se poderá formalizar a concesión en tanto non estea realizado o pagamento do canon e debidamente acreditado.

8ª.- RESPONSABLE DO CONTRATO .

A supervisión, coordinación, comprobación e vixianza da correcta realización do contrato, será exercida pola Administración Municipal, a través do Responsable do contrato, designado por esta Administración municipal. Serán funcións do Responsable do contrato:

- a) Adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.
- b) Esixir a existencia de medios necesaria para levar a cabo adecuadamente a realización da prestación pactada.
- c) Dar as ordes oportunas para correcta execución da prestación en termos de calidade e tempo.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- d) Formular informes bimensuais da execución do contrato.
- f) Resolución de cantas incidencias xurdan na vida do contrato.
- g) Calquera outra das establecidas no presente Prego.

As funcións do responsable do contrato serán exercidas polo técnico local de emprego; Debido que se trata dunha contratación a quince anos, a figura do responsable do contrato pode ser obxecto de modificación, xa sexa na súa designación coma no contido das súas funcións.

9.- GARANTÍA DA CONTRATACIÓN.

O licitador que presente a mellor oferta deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva do 5% do prezo de adjudicación que ofertaron e poderá depositarse mediante aval bancario. A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP.

Se se constituíe en metálico ingresarse o seu importe na conta corrente do Concello, facendo constar no concepto "garantía definitiva pola adjudicación da concesión demanial por un prazo de QUINCE ANOS do posto nº ... do Mercado Municipal do Concello de Ponte deume", posteriormente acudirase á Tesourería Municipal quen expedirá carta de pago que é o documento a presentar coma acreditativo da constitución.

En todo caso, a garantía definitiva responderá do conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP.

10.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADJUDICACIÓN.

O contrato se adjudicará por procedemento aberto de libre concorrencia, mediante a valoración de varios criterios de adjudicación, e a tramitación do expediente será ORDINARIA.

O outorgamento da concesión efectuarase en réxime de concorrencia en aplicación do disposto no artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e o procedemento a seguir será o determinado polo artigo 96 do mesmo texto legal.

De acordo cos artigos 92.1, 93.1 e 137.4 d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, cando resulte deserta a licitación dun máximo de cinco postos dos QUINCE postos que se licitan ou resulte fallida polo incumprimento das obrigacións do autorizado, sempre que non transcorrese máis dun ano, poderá procederse á adjudicación directa polo órgano competente sempre que o solicitante cumpra con tódolos requisitos establecidos no PCAP, nas mesmas condicións anunciadas previamente, e sen que o prazo da concesión poida exceder da data de finalización establecida, neste suposto cabe que esta adjudicación directa sexa a favor dun dos adjudicatarios dalgún dos postos.

O procedemento para o outorgamento directo iniciárase pola Administración mediante anuncio na páxina web de apertura de prazo para a presentación de ofertas para cobertura das vacantes (que deben reunir os requisitos previstos no presente prego).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As persoas interesadas disporán dese prazo para presentar a súa solicitude por Rexistro Xeral de Entrada, onde conste o nº de lote vacante e xuntando a documentación que se establece nos presentes pregos e modelo de proposición económica. No caso de que se presente máis dunha solicitude para vacante, optarase pola oferta mellor calidade-prezo de acordo cos criterios de adxudicación.

Neste caso poderán presentarse tantas ofertas como postos vacantes por calquera licitador, con solvencia ou sen solvencia, debendo indicar a orde de preferencia dos postos aos que llicitan, xa que en ningún caso se van adxudicar máis de dous postos a un mesmo titular.

A práctica das notificación e comunicacións realizarase por medios electrónicos, ben por medio da súa publicación no perfil do contratante, ben por medio de notificación electrónica nos termos recollidos na Disposición Adicional Décimo Quinta da LCSP.

11.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

-Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos sinalados no presente prego.

-O máximo de postos dos que poderá ser titular de forma simultánea unha mesma persoa concesionaria será dun posto, salvo autorización expresa do Concello por razóns de interese pola dinamización económica ou comercial e no suposto sinalado na cláusula anterior de adxudicación directa; neste caso o número de postos máximos por titular é de dous.

-As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos as cales prestacións están comprendidas dentro dos fines, obxecto e ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos e regras fundacionais, lles sexan propias e deberán dispor dunha organización con elementos persoais e materiais dedicados de modo permanente á actividade que, de igual modo, teñan relación directa co obxecto do contrato.

A capacidade de obrar, acreditarase:

a) En canto a persoas físicas, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) En canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura o documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regule a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda.

-A acreditación da non concorrencia de prohibición de contratar, poderá realizarse por declaración xurada (ANEXO II)

-Solvencia económica e financeira.: De conformidade co disposto no artigo 11.5 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Públicas, o licitador que resulte proposto para a adxudicación estará exento de acreditar a solvencia económica e financeira.

-Solvencia técnica e profesional: A solvencia técnica e profesional se acreditará da seguinte maneira:

Considerando que na posta en funcionamento deste mercado trátase de conxugar a experiencia e os novos emprendedores; é requisito para licitar aos postos sinalados nesta táboa cunha cruz que se acredite unha solvencia de tres anos de forma continuada na actividade a que optan (solvencia xa sexa en mercado de abastos ou coma titular da actividade a que opta no sector privado), dentro dun período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2016 ata a data de presentación da oferta por parte dos licitadores.

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|--------------------------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

| Nº | ACTIVIDADE | ACREDITACIÓN SOLVENCIA- |
|----|------------|---|
| | | Requisito obrigatorio Os postos sinalados cunha cruz |
| 3 | PEIXERÍA | x |
| 4 | PEIXERÍA | |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | |
|----|-------------------------|--|
| 6 | CARNICERÍA | |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA- | |

A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos acreditados e os que constitúen o obxecto da concesión acreditaranse:

-Certificado histórico resumo de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no período determinado neste prego de cláusulas.

-Noutros supostos, sempre que non estean suxeitos a estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas, documento oficial emitido por unha Administración Pública que acredite a solvencia técnica requirida neste prego.

12.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

12.1.-Presentación Electrónica.

A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

-A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.

-A custodia electrónica de ofertas polo sistema.

-A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva se presentará, dentro do prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados rexístranse, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para garantir a confidencialidade do contido dos sobres até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará devanditos sobres no envío.

Una vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

12.2.- Información aos licitadores.

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición preséntese cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase ao número de fax ou á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

12.3.- Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados/arquivos electrónicos, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do sobre/arquivo electrónico e a lenda

«PROPOSICIÓN PARA LICITAR A CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DE POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME .».

A denominación dos sobres é a seguinte:

-Sobre "A": Documentación Administrativa.

-Sobre "B": Memoria de actividade e obras.

-Sobre "C": Oferta económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como una relación numerada dos mesmos:

[ARQUIVO ELECTRÓNICO] «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso, a representación.

-Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, acreditarán a representación de calquera modo axeitado en dereito.

-Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa exixible legalmente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

b) Una declaración responsable de non estar incurso na prohibición de contratar (Anexo II) e que comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Presentarase conforme ao modelo contemplado no ANEXO II.

c) Documentación acreditativa da solvencia profesional, cando se opte a un dos postos nos que se require este requisito previo.

[ARQUIVO ELECTRÓNICO]«B»:MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE E AS OBRAS.

Esta Memoria presentárase en dous subapartados:

Subapartado "A": Memoria da actividade.

Conterá unha memoria de explotación do posto na que o licitador presentará o seu proxecto de actividade do posto de mercado ó que licita. Nesta memoria poden incluírse aspectos relativos á actividade que se pretende por en marcha, tales como:

En referencia ao produto, produtos da bisbarra, ecolóxicos, elaboración artesanal, explicando a trazabilidade e subministradores.

En referencia ao empaquetado: utilización no empaquetado de materiais biodegradables e bolsas reutilizables.

En referencia aos servizos: Forma de pago, entrega a domicilio, estar dados de alta no Servizo de Arbitraje de Consumo (SAC).

Neste apartado poden incluírse medidas medioambientais e medidas referentes á prestación do servizo, atendendo aos criterios de valoración establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.

Subapartado "B": Memoria da adecuación do posto: obras a realizar e equipamento.

Conterá unha descrición do acondicionamento do posto facendo referencia entre outros aspectos a obras a executar e que materiais se utilizarán nese acondicionamento, así coma tipo de maquinaria atendendo a natureza de actividade a desenrolar incluíndo a ficha técnica da maquinaria

Nesta adecuación do posto de mercado terase que cumprir a normativa de seguridade e saúde e a normativa sanitaria, no que respecta as condicións mínimas das instalacións que se inclúan dentro dos postos (maquinaria, neveras, frigoríficos) e demais normativa aplicable.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O non cumprimento da normativa aplicable comportará a exclusión no procedemento de licitación.

[ARQUIVO ELECTRÓNICO] «C»

OFERTA ECONÓMICA -

Atendendo ao modelo do ANEXO III contemplado neste Prego de Cláusulas.

12.4.- Valoración das ofertas.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente

— Maior canon ofrecido: Ata un máximo de 60 puntos.

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|--------------------------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

| Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO) | TOTAL M2 | CANON MÍNIMO |
|-------------------------------------|----------|--------------|
| 3 | 42,19 | 3.675,27 |
| 4 | 25,25 | 2.199,59 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | |
|----|-------|----------|
| 6 | 33,22 | 2.893,87 |
| 7 | 10,33 | 900,09 |
| 8 | 10,33 | 900,09 |
| 12 | 10,33 | 900,09 |
| 16 | 24,30 | 2.116,83 |

Por cada 1,75% que o licitador ofrezca sobre o canon mínimo, outorgarase 1 punto, ata un máximo de 60, conforme ao seguinte:

| Nº | USO | m2 | Nº ALMACÉN | M2 | M2 TOTAIS |
|----|--------------------------|-------|------------|---------|-----------|
| | | LOCAL | | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 3 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 4 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 0 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 16 | 7,60 | 24,30 |

| Nº LOCAL (E ALMACÉN ASIGNADO) | TOTAL M2 | Canon mínimo | Puntos | | | | CANON MÁXIMO TOTAL |
|-------------------------------------|----------|--------------|---------|----------|-------|-----------|-----------------------|
| | | | 1 punto | 2 puntos | (...) | 60 puntos | |
| 3 | 42,19 | 3.675,27 | 64,32 | 128,64 | | 3.859,20 | 7.534,47 |
| 4 | 25,25 | 2.199,59 | 38,49 | 76,98 | | 2.309,40 | 4.508,99 |
| 6 | 33,22 | 2.893,87 | 50,64 | 101,30 | | 3.038,40 | 5.932,27 |
| 7 | 10,33 | 900,09 | 15,75 | 31,50 | | 945 | 1.845,09 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | | | | |
|----|-------|----------|-------|-------|--|----------|----------|
| 8 | 10,33 | 900,09 | 15,75 | 31,50 | | 945 | 1.845,09 |
| 12 | 10,33 | 900,09 | 15,75 | 31,50 | | 945 | 1.845,09 |
| 16 | 24,30 | 2.116,83 | 37,04 | 74,08 | | 2.222,40 | 4.339,23 |

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

b.1.- Criterios de sustentabilidade, medioambientais e Km0: ata 20 puntos

Neste apartado se valorará:

-Tipoloxía e porcentaxe de compromiso de utilización de material, tales como bolsas e empaquetado de carácter reutilizable, biodegradable e non contaminantes; este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos.

-Tipoloxía e porcentaxe de inclusión de produtos de produción local, comarcal, ou ecolóxica, explicando a procedencia de ditos produtos, con carta de compromiso con posibles provedores (a trazabilidade dos mesmos); este apartado valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos dentro dos 20 puntos.

-Utilización no acondicionamento (referente a obra) e presentación do posto con materiais sostibles e naturais, así coma da tipoloxía da maquinaria a utilizar (baixo consumo, etc) indicando a tipoloxía dos mesmos; este apartado cunha puntuación máxima de 5 puntos dentro dos 20 puntos deste apartado.

b.2.- Criterios en relación ao servizo: ata 20 puntos.

Neste apartado se valorarán melloras con respecto á prestación do servizo; cada un dos apartados valorarase ata unha puntuación máxima de 4,00 puntos.

- Prestación do servizo de entrega a domicilio no casco histórico e tempo de posta en marcha do dito servizo e posible compromiso nun futuro de dar o servizo no ámbito territorial municipal de forma coordinada coa agrupación de praceiros.

- Prestación do servizo de utilización das redes sociais na difusión e tempo de posta en marcha deste servizo.

- Estar dado de alta no servizo de arbitraje de consumo (SAC) ou compromiso de levalo a cabo no prazo de seis meses dende a formalización deste contrato.

- Exposición de venda de produtos, que comporta un boceto da distribución dos diferentes elementos que estean presentes no posto: cámaras, estantería, etc.

- Outras melloras (especificar nas ofertas): servizo tpv, etc.

13.-MESA DE CONTRATACIÓN.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A súa composición publicarase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación ou ben se fará pública con carácter previo á súa constitución a través dun Anuncio específico no citado perfil.

A Mesa de Contratación poderá solicitar informes externos co obxecto de valorar o Sobre "B".

14.- APERTURA DAS OFERTAS.

A Mesa de Contratación constituírse o terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 10,00 horas, procederá á apertura dos [arquivos electrónicos] «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos, que conterá o modelo de declaración responsable (ANEXO II) e a documentación que acredite a solvencia técnica.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo de TRES DÍAS HÁBILES para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observadas na documentación presentada.

Posteriormente, no prazo de cinco días hábiles se procederá á apertura e exame dos sobres «B», que conteñen a MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER E OBRAS A REALIZAR e os documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación.

Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos, incluso externos, considere precisos para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A posteriori e na data indicada, procederá a apertura do Sobre "C", que conterá a OFERTA ECONÓMICA (que se presentará utilizando o modelo do ANEXO III).

Á vista das ofertas económicas presentadas e da valoración dos criterios de adxudicación, a Mesa de Contratación proporá ao adxudicatario do contrato.

15.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación, requirirá ao licitador para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, en concreto a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Neste período de dez días teñen que presentar ademais:

A. Alta no imposto de actividades económicas como obrigado tributario.

B. Alta coma autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas e coma empresa co obxecto social adecuado no caso de persoas xurídicas.

C. O contrato e abono da prima da póliza de seguro sobre danos nos bens do posto e da responsabilidade civil sobre a actividade a desenvolver.

D. N.º de código de conta cliente (CCC) para o cobro dos recibos correspondentes.

16.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta una licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións.

17.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

En caso de que algún adxudicatario queira elevalo a escritura pública, os custos que se ocasionen serán pola súa conta.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O adxudicatario deberá abonar os gastos correspondentes ao orzamento das obras que deben executarse, así como os honorarios de redacción do proxecto.

18.- DEREITOS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS:

Os concesionarios de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.
2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar o mercadoría.
4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.
5. En xeral, cantos derívense do presente prego e das normas de aplicación que constitúen o réxime xurídico da concesión demanial.

19.- DEBERES DOS/AS CONCESIONARIOS/AS:

Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:

- 1.- Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuito para o comprador.
- 2.- Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.
- 3.- Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.
- 4.- Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura venda ao público, salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.
- 5.- Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.
- 6.- Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.
- 7.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta aprobárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.

9.- Xustificar, cando sexan requiridos, o pago de impostos e execucións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.

10.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para ilo; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.

11.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

12.- Sufragar os gastos de luz, auga, comunicacións e demais necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

13.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.

14.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

15.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.

16.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

17.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.

18.- Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

19.- A dar cumprimento ao recollido na Memoria a prestar polo adxudicatario.

20.- A manter durante toda a vixencia do contrato os compromisos derivados deste PREGO e os asumidos na súa oferta en relación con calquera aspecto do contrato.

21.- A observar na prestación do servizo a normativa vixente en cada momento.

22.- En xeral, cumprir tódalas obrigacións que están contempladas neste prego e nas disposicións legais aplicables aos servizos obxecto de concesión.

20.- INFRACCIÓNS.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concesionarios dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións que se contemplan neste prego e na normativa sanitaria, de consumo, de comercio, laboral, fiscal ou por calquera normativa aplicable á actividade desenvolvida, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

A comisión destas infraccións serán sancionadas de acordo coa citada normativa e polo órgano que na mesma fíxese tendo en conta a orde constitucional de competencias.

21.- CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.
- b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.
- c) A falta da consideración debida aos compradores.
- d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de ata cinco días.
- e) O incumprimento horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.
- g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.
- i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.
- j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.
- c) Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- d) As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.
- e) Non ter dados de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.
- f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.
- g) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.
- h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- i) As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
- j) O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.
- l) O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.
- ll) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.
- m) A fraude na calidade ou cantidade dos xéneros vendidos.

3. Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.
- b) O destino do posto a almacén.
- c) A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no Regulamento do Servizo.
- d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.
- e) Causar dolosa e negligentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.
- f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.
- g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.
- h) O impago do canon e as taxas da concesión.

22.- SANCIONES:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

22.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:

- a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.
- b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.
- c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.

22.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- I) A natureza dos prexuízos causados.
- II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.
- III) A contía do beneficio obtido.
- IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.
- V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.
- VI) O número de consumidores e usuarios afectados.

22.3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.

23.- PRESCRICIÓN DAS INFRACIÓNS:

- a) As leves, aos dous meses.
- b) As graves, ao ano.
- c) As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o correspondente procedemento.

24ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de Contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente pode modificar por razóns de interese público o contrato e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados pola normas reguladoras da Concesión Demanial.

Os acordos que dite o órgano de Contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución de contrato, serán executivas e deberán ser adoptadas previa tramitación do expediente e emisión de informes que sexan preceptivos legalmente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

25ª.- REVERSIÓN.

Ao finalizar a Concesión reverterán ao Concello as obras e instalacións fixas realizadas polo adxudicatario sen dereito a indemnización, debendo de entregar o ben en perfecto estado. De non facelo requirirase para iso a aquel percibíndolle do seu execución subsidiaria a cargo da fianza. De non ser esta suficiente requiriráselle as diferenzas mediante o exercicio das accións administrativas ou xudiciais que procederen.

26ª.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

- Por vencemento do prazo.
- Por desaparición do ben sobre o que sexan outorgadas.
- Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.
- Defunción do titular, a excepción do contemplado na normativa reguladora do servizo de mercado.
- Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no Regulamento do Servizo.
- Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.
- Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.
- Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.
- Por rescate.
- Por resolución xudicial.

27ª.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS.

27.1 Confidencialidade.

O adxudicatario/a (como encargado/a do tratamento de datos) e o seu persoal en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade deben tratar os datos persoais aos que teñan acceso de forma que garantan una seguridade axeitada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas de conformidade co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta obriga é complementaria dos deberes de segredo profesional e subsistirá aínda que finalice o contrato co responsable do tratamento dos datos (Concello).

27.2 Tratamento de Datos

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento xeral de protección de datos, os licitadores quedan informados de que os datos de carácter persoais que, no seu caso, sexan recollidos a través da presentación da súa oferta e demais documentación necesaria para proceder á contratación serán tratados por este Concello coa finalidade de garantir o axeitado mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato.

28ª.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO I.- DISTRIBUCIÓN E ACTIVIDADES.

POSTOS E ACTIVIDADES OBXECTO DA LICITACIÓN.

| Nº | USO | m2 | | M2 TOTAIS |
|----|--------------------------|-------|---------|-----------|
| | | LOCAL | ALMACÉN | |
| 3 | PEIXERÍA | 35,24 | 6,95 | 42,19 |
| 4 | PEIXERÍA | 17,98 | 7,27 | 25,25 |
| 6 | CARNICERÍA- | 26,93 | 6,29 | 33,22 |
| 7 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 1,98 | 10,33 |
| 8 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 1,98 | 10,33 |
| 12 | PRODUTOS LOCAIS | 8,35 | 1,98 | 10,33 |
| 16 | ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA-n | 16,70 | 7,60 | 24,30 |





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PEIXERÍAS: Venda polo miúdo de peixes e mariscos das rías galegas, a oferta pode incluír produtos de piscifactoría sempre e cando a proporción destes non supere a anterior.

CARNICERÍAS: Venda polo miúdo de carnes, debendo incluír a carnes de orixe galego , podendo ofertar outras, sempre e cando non superen as anteriores. A oferta pode incluír tamén calquera elaboración a base de carnes.

PRODUTOS LOCAIS: Espazos reservados para produtores alimentarios de proximidade, preferentemente que estes inclúan elaboración ou sexan innovadores.

PRODUTOS ECOLÓXICOS: Venda polo miúdo de produtos, sexan alimentarios ou non que teñan a certificación ecolóxica.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO II.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____,
_____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade
_____, con NIF núm. _____, a efectos da súa participación na
licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar no procedemento de _____.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo prego de cláusulas administrativas particulares para ser adxudicatario, en concreto:

-Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

-Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

-Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

-Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Firma do declarante,Asdo.: _____»

ANEXO III.- MODELO PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DUN POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D _____ con enderezo en _____
_____ provincia: _____ DNI _____ expedido
en _____, con data de _____, con plena posesión da súa
capacidade xurídica e de obrar e actuando en nome propio ou en representación de
_____ conforme acreditado, acepto o
Prego de Cláusulas, de data de _____, o cal rexerá a concesión
demanial de uso privativo dos postos do Mercado Municipal de Ponte deume comprométome a
exercer a actividade con estrita suxeición ao PREGO de Cláusulas referenciado, á memoria
presentada e á miña oferta,

OPTO AOS POSTOS NÚMERO (indicar por orde de preferencia):

Nº posto:...

E PRESENTO A SEGUENTE OFERTA ECONÓMICA:

Canón mínimo do posto:

Contía na que se incrementa o canón mínimo:

Canón total ofertado:

(IVE incluído) (en número e letra)

(Lugar, data e firma do proponente) “

”

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do concello de Ponte deume, en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro, que se asina dixitalmente en Ponte deume, á data sinalada na marxe, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.

